

CALENDARIO
DA IGUALDADE 2021


2021

COVID E XÉNERO. O TEMPO DA VIDA

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

UNIVERSIDADE DE
VIGO, ESPAZO LIBRE DE
VIOLENCIAS DE XENERO
E POR RAZÓN DE SEXO



Sexo, xénero e saúde

Sexo e xénero son factores determinantes para a saúde e a enfermidade. E a Covid-19 non é indiferente: os homes son máis vulnerables bioloxicamente (morren tres veces máis que as mulleres), pero as mulleres amosan maior vulnerabilidade social (son as máis contaxiadas).

A maioría das sanitarias —médicas, farmacéuticas, psicólogas e enfermeiras—, traballadoras en residencias de maiores, limpadoras, caixeiras de supermercados ou coidadoras de persoas dependentes son mulleres, e por tanto, están máis expostas aos contaxios.



Derivado da fraxilidade da vida que estamos a experimentar, a vulnerabilidade vital da «clase coidadora», maioritariamente feminina, aumenta de xeito severo.

Por iso é preciso desagregar os datos por sexo e que a perspectiva de xénero se teña en conta tanto na investigación sanitaria e epidemiolóxica como nos ensaios clínicos a prol dos medicamentos contra a Covid-19 ou da vacina, a fin de evitar os erros sistemáticos androcéntricos.



Oito de cada dez persoas con síntomas de COVID persistente son mulleres que nunca tiveran problemas de saúde graves. Primeira enquisa nacional sobre COVID persistente da Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia



XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	28	29	30	31	1	2	3
2	4	5	6	7	8	9	10
3	11	12	13	14	15	16	17
4	18	19	20	21	22	23	24
5	25	26	27	28	29 <small>Santo Tomé de Aquino</small>	30	31

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



A fenda dos coidados

A crise de civilización, a fragilidade que estamos a experimentar fai que a «sostibilidade da vida» e a economía dos coidados vitais e sanitarios cobren especial protagonismo.

As mulleres dedican o dobre de tempo que os homes a tarefas domésticas e de coidados familiares nos países da OCDE. No noso país, esa fenda triplicase! [Datos actualizados en ilo.org ou inmujer.gob.es]



Elas asumen o invisible traballo dos coidados, tantas veces non remunerado, nun círculo vicioso: máis tempo para coidados, menos traballo, máis precariedade. A crise deste modelo —atendido por sectores socialmente deostados, en malas condicións sociolaborais e altamente feminizados— é máis que evidente.



ONU Mulleres: «Cando os sistemas sanitarios están saturados engádesse máis carga ao coidado do fogar e esa carga recae xeralmente nas mulleres».

Atallar a fenda de xénero dos coidados pasa por crear un novo Sistema Social de Coidados baseado na corresponsabilidade social: dentro do fogar —coa implicación dos homes— e fóra. Precisamos que institucións públicas e empresas poñan a «vida no centro», posto que todas as persoas somos interdependentes: somos coidadoras e debemos ser coidadas.



PROVERBIO AFRICANO:
«Para criar, precísase unha tribu»
(pais, institucións, empresas, familia extensa, comunidade...).

FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	1	2	3	4	5	6 <small>Día Int. Tolerancia Cero coa Mullición Xenital Feminina</small>	7
6	8	9	10	11	12	13	14 <small>Día Europeo da Saúde Sexual</small>
7	15	16 <small>Martes de Entroido: Festivo local en Vigo e Ourense</small>	17 <small>Mércores de Cinza: Festivo en Pontevedra</small>	18	19	20	21
8	22 <small>Día pola Igualdade Salarial</small>	23	24	25	26	27	28

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Maternidade e conciliación

En España hai preto dun millón e medio de fogares monomarentais, dos que a metade están en risco de exclusión. Para moitas mulleres, a maternidade significa parar as súas carreiras.



Segundo datos do Banco de España, existe unha fenda salarial do 28% entre as traballadoras nais e o resto de persoas traballadoras.



Elas piden o 93% das excedencias para coidar das súas crianzas e o 83% dos permisos para coidar familiares mentres eles se sitúan nos «espazos de poder» (científico e político) por teren maior dispoñibilidade de tempo.

Contar cunha perspectiva de xénero que reforce e vaia máis alá dos logros acadados pasa por un cambio de paradigma antropolóxico. Saír da crise de forma igualitaria pide colocar a vida no centro e xestar un novo contrato social do que agrome un novo sistema social de cidadados fomentador da corresponsabilidade, como sinala a economía feminista. Non se poden considerar «normais» aspectos como a precariedade, a discriminación e a desigualdade.

MARZO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
9	1	2	3	4	5	6	7
10	8 Día Internacional das Mulleres	9	10	11	12	13	14
11	15	16	17	18	19 San José: Festivo en Galicia	20	21
12	22	23	24	25	26	27	28
13	29	30	31	1	2	3	4

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Teletraballo e confinamento

As medidas de confinamento tomadas en moitos países obrigaron a pechar escolas infantís e centros de ensino. Avoas e traballadoras domésticas confinadas, sistemas sanitarios saturados: a carga de coidados nos fogares, onde existe unha fenda importante, aumentou terriblemente.

As mulleres teletraballan cun ollo e coidan co outro: elas coidan máis, elas flexibilizan as súas condicións laborais para poder facelo. Iso si, agora os homes van máis á compra que antes... Elas concilian PERMANENTEMENTE, eles PUNTUALMENTE.



Paradoxalmente durante o confinamento unha gran maioría de homes reconeceu que estreitou máis os lazos cos seus fillas e fillos!



A investigación lanzada por Empar Aguado e Cristina Benlloch, profesoras do Departamento de Socioloxía da Universidade de Valencia, amosa un reforzo de certas fendas de xénero: «As mulleres non só estarían teletraballando senón que terían máis protagonismo nas tarefas de coidados e estarían á vez xestionando o seu tempo e o dos seus compañeiros».

Tamén investigadoras como as profesoras Libertad González e Lidia Farré (UPF), a economista Mónica Grau (UOC), a socióloga Teresa Jurado (UNED) ou Victoria Toro (UCM) amosan resultados parciais pouco alentadores: os homes participan algo máis nas tarefas domésticas e de coidados, pero a carga principal sopórtana de novo as mulleres.



ABRIL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
13	29	30	31	1	2	3	4
14	5 <small>San Gibrão: Festivo en Pontevedra</small>	6	7	8	9	10	11
15	12	13	14	15	16	17	18
16	19	20	21	22	23	24	25
17	26 <small>Día da Visibilidade Lésbica</small>	27 <small>Día Internacional das Rapazas nas TIC</small>	28	29	30	1	2

.....

.....

.....

.....

.....


.....

.....

.....

.....

.....



Violencia de xénero

A violencia de xénero é unha pandemia sobre outra pandemia. O confinamento incrementou as situacións de risco para as mulleres e as nenas.



Para máis de 200 millóns de mulleres quedar na casa non significa estar a salvo, advertiu a ONU.

En todo o mundo, incluída a UE, o 35% das mulleres son vítimas de violencia sexual, física ou psicolóxica, cifra que seguramente siga subindo no actual contexto.



41 mulleres vítimas mortais a 15 de novembro de 2020
1074 entre 2003 e 2020

As chamadas ao 016 aumentaron un 60% en abril de 2020 respecto ao mesmo mes de 2019, e multiplicáronse as consultas en liña (un 586% máis!).

A medida que se prolongou o encerro medraron as consultas, e o maior temor das expertas en violencia machista confirmouse: o confinamento multiplicou os casos de violencia contra as mulleres e dúas morreron asasinadas polas súas parellas ou ex parellas.



MAIO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
17	26	27	28	29	30	1	2
18	3	4	5	6	7	8	9
19	10	11	12	13	14	15	16
20	17 <small>Día Internacional contraa Homosbo- bitransfobia</small>	18	19	20	21	22	23
21	24 / 31	25 <small>Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme</small>	26	27	28 <small>Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres</small>	29	30

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Prostitución e pornografía

A discriminación e a violencia contra as mulleres que están en redes de prostitución aumentaron durante o confinamento. Proxenas e puteiros insistiron en seguir mantendo o negocio lucrativo que é a venda dos corpos das mulleres recluíndoas en pisos, ofertando novos servizos a través de internet, con escasas medidas sanitarias e hixiénicas de protección e abusando da maior vulnerabilidade vital das mulleres, sobre todo daquelas con menos recursos económicos.



Elas incrementaron a «débeda expúrea» cos seus tratantes e proxenas e tiveron que acatar novas explotacións e violencias a cambio de obter menos ingresos.

Aumentou a demanda de pornografía, con maior oferta gratuíta en liña, e coa conseguinte redefinición do que é ser muller (cousificación) e do que é ser home hoxe. Elas compracentes, subhumanizadas, hipersexuadas (pero non sexoactivas) e



sumisas; eles sexoactivos, dominadores e violentos (o pracer de exercer o poder).

Máis violencia material, real e máis violencia simbólica contra as mulleres e as nenas: o ciberacoso e a ciberviolencia sexual (stalking, sexting, grooming, etc.) están á orde do día.



Un dato arrepiante: Segundo a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, España é xa o segundo país consumidor de pornografía infantil do mundo.



Os poderes públicos deben conter e controlar a ciberdelincentes sexuais, maltratadores, puteiros e proxenas en tempos de pandemia.
Convenio de Estambul e Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

XUÑO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
22	31	1	2	3	4	5	6
23	7	8	9	10	11	12	13
24	14	15	16	17	18	19	20
25	21	22	23	24	25	26	27
26	28 <small>Día Internacional do Orgullo LGTBQI+</small>	29	30	1	2	3	4

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Economía e emprego feminino

As desigualdades no emprego xa existían. Unha resposta que non atenda ás diferentes realidades só agravará este desequilibrio:

	MULLERES	HOMES
Taxa de actividade	53%	65%
Taxa de desemprego	17%	14%
Taxa de emprego	44%	56%

A fenda salarial no sector sanitario e social —onde o 70% son mulleres— oscila entre entre o 15% e o 20%. Bolsas de pobreza e marxinalidade, hiperprecariedade laboral, desamparo social e económico, traballos a tempo parcial e economía informal, en xeral, afectan máis ás mulleres. Elas son as que ingresan menos, polo que aforran menos e ostentan os traballos máis

precarios e inestables, forzadas a traballar na economía mergullada. A realidade postCovid-19 non fará máis que amplialo.



A Organización Internacional do Traballo estima que o 58,6% das mulleres empregadas en todo o mundo traballan no sector servizos.



XULLO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
26	28	29	30	1	2	3	4
27	5	6	7	8	9	10	11
28	12	13	14	15	16	17	18
29	19	20	21	22	23	24	25
30	26	27	28	29	30	31	1

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....




Desemprego e desamparo

Os ERTE supuxeron unha redución de ingresos importante e moitas empregadas informais nin sequera puideron acudir ás políticas públicas de protección social. E non falemos da realidade salarial das mulleres que coidan persoas maiores ou crianzas ou das traballadoras do fogar: unhas 600.000 persoas non teñen os mesmos dereitos laborais que o resto, posto que seguen nun réxime especial na Seguridade Social.



Segundo datos da EPA, no 3º trimestre de 2020, as mulleres representaban o 94% das persoas inactivas no mercado laboral por coitado de crianzas ou persoas enfermas, incapacitadas ou maiores.



AGOSTO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
30	26	27	28	29	30	31	1
31	2	3	4	5	6	7	8
32	9	10	11	12	13	14	15
33	16 <small>San Roque: Festivo en Vigo</small>	17	18	19	20	21	22
34	23 / 30	24 / 31	25	26	27	28	29

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Científicas e investigación

A Covid-19 non só invisibiliza a voz das investigadoras, senón que pode frear as súas carreiras. Así o denunciaron varias revistas especializadas norteamericanas ou a Asociación Europea de Economía: artigos e *papers* femininos decreceron en detrimento dos realizados e enviados por parte de homes académicos ou investigadores, que chegaron a dobrar a media da súa participación habitual.

“ Para os próximos anos, as persoas avaliadoras deberían saber que as consecuencias da Covid-19 teñen efectos moi diferentes entre os xéneros. Informe da Unidade de Muller e Ciencia do Ministerio de Ciencia e Innovación



Sanitarias, investigadoras e/ou líderes políticas están a xogar un papel clave na investigación sobre a Covid-19 desde o punto de vista da perspectiva de xénero. Por iso chama atención...

- Só hai 4 expertas entre os 12 membros do Grupo de Traballo Multidisciplinar que asesora ao Goberno en materia científica e nas consecuencias futuras da Covid-19
- Comité para a Covid-19: o 25% son mulleres
- En Italia o 56% do persoal médico son médicas, pero no equipo asesor do goberno só hai homes
- Na medicina, as mulleres supoñen un 55,5% pero poucas científicas e médicas aparecen nos medios analizando ou informando sobre o seu traballo

SETEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
35	30	31	1	2	3	4	5
36	6	7	8	9	10	11	12
37	13	14	15	16	17	18	19
38	20	21	22	23	24	25	26
39	27	28	29	30	1	2	3

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



A historia debería contar un relato inclusivo

- A viróloga escocesa June Almeida indagara na familia dos coronavirus en 1964. O seu traballo quedou no esquecemento... Ata hoxe.
- A doutora Ai Fen, directora do departamento de urxencias do Hospital Central de Wuhan, deu a coñecer a pandemia na revista *Renwu* (decembro de 2019).
- A viróloga Shi Zhengli e as epidemiólogas Chen Wei —quen deseñou a primeira vacina contra o Ébola— e Li Linjuan lideran os equipos de investigación máis avanzados na busca da vacina.
- A bióloga inglesa Sarah Gilbert lidera a investigación sobre a vacina na Universidade de Oxford e a norteamericana Kizzmekia Corbett lidera a vacina de Moderna.
- Tamén destacan a bióloga venezolana Irene Bosch, especialista en epidemias, ou a viróloga mexicana María Escalera-Zamudio, do departamento de zooloxía da Universidade de Oxford.
- A doutora Türeci co-fundou e é a directora médica de BioNTech, empresa alemá que deu a esperanza ao mundo co seu proxecto de vacina.

OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	27	28	29	30	1	2	3
40	4	5	6	7	8	9	10
41	11	12	13	14	15 <small>Día Internacional das Mulleres Rurais</small>	16	17
42	18	19	20	21	22	23	24
43	25	26	27	28	29	30	31

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



E o presente tamén

A inmunóloga e viróloga Margarita del Val coordina 150 equipos reunidos polo CSIC nunha gran plataforma interdisciplinar de investigación. A ela se unen, na procura dunha vacina e de antivirais, nomes como o da investigadora e bióloga Isabel Sola ou o da bioquímica Sonia Zúñiga.

No ámbito social, as investigadoras de Psicoloxía Social Rocío Martínez e Rosa Rodríguez realizan unha análise psicosocial sobre a resposta do país á actual pandemia. Outras, como as economistas Monica Grau, Lidia Farré ou Libertad González, analizan o impacto na fenda de coidados, no reparto de tarefas, no teletraballo...

As sociólogas Empar Aguado e Cristina Benlloch, indagán no reforzo das fendas de xénero nos fogares durante a pandemia... Entre outras moitas investigadoras e científicas.

Esther Pillado

Teresa Jurado Victoria Toro

África González Coral del Río

Carmela Troncoso

María José Alonso

Susana Rodríguez

Mabel Loza

e máis...



NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
44	1	2	3	4	5	6	7
45	8	9	10	11 <small>San Martiño: Festivo en Ourense</small>	12	13	14
46	15	16	17	18	19	20	21
47	22	23	24	25 <small>Día Internacional contra a Violencia Machista</small>	26	27	28
48	29	30	1	2	3	4	5

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


.....

.....

.....

A Covid-19 agrava o círculo da desigualdade de xénero e limita a autonomía das mulleres

CALENDARIO
DA IGUALDADE 2021



DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
48	29	30	1	2	3	4	5
49	6	7	8	9	10	11	12
50	13	14	15	16	17	18	19
51	20	21	22 <small>Día Internacional do Traballo Doméstico</small>	23	24	25	26
52	27	28	29	30	31	1	2

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....